A/A DA CONSELLEIRA DE POLITICA SOCIAL E IGUALDADE: FABIOLA GARCÍA

ASUNTO: **Solicitude de intervención para facer efectivo o Complemento Equiparador Autonómico Galego no sector de reforma xuvenil e protección de menores**

Estimada conselleira:

Por medio deste escrito, como maioritarias CIG e CUT na representación sindical, queremos trasladar a preocupación existente no sector de reforma xuvenil e protección de menores de Galicia pola falta de resposta e de concreción da Xunta de Galicia, e en concreto da súa Consellaría, respecto da aplicación efectiva do Complemento Equiparador Autonómico Galego.

Este complemento foi acordado e asinado o 26 de marzo de 2026 pola patronal GAFIX e por todas as organizacións sindicais con representación no sector: CIG, CUT, CCOO e UGT, e publicado posteriormente no Boletín Oficial do Estado (BOE do 21 de maio de 2026). O acordo, no marco do V Convenio colectivo estatal de reforma xuvenil e protección de menores, ten como obxectivo avanzar na equiparación salarial das persoas traballadoras do sector en Galicia. Anéxase a publicación do acordo no BOE.

A aplicación efectiva do complemento nos recursos afectados require que a Administración contratante habilite o financiamento necesario nos termos previstos no acordo. Por iso, resulta imprescindible que a Xunta de Galicia concrete as actuacións que vai desenvolver e estableza prazos claros para a súa aplicación e pagamento.

Esta reivindicación, froito da negociación entre a representación sindical e patronal, chega tras máis dun ano de mobilizacións e reclamacións das persoas traballadoras. A ausencia dunha resposta clara prolonga unha situación de incerteza que precisa dunha solución urxente.

Non estamos ante unha cuestión exclusivamente económica, senón de dignificación profesional e recoñecemento do labor esencial que desenvolven as persoas traballadoras na protección e no acompañamento educativo de nenos, nenas e adolescentes en situación de vulnerabilidade. Garantir condicións laborais dignas tamén contribúe á estabilidade dos equipos e á calidade da atención prestada, así como evitar a fuga de talentos e falta de profesionais en moitos momentos.

Por todo o exposto, solicitamos que se adopten as medidas necesarias para facer efectivo o acordo e que se nos traslade unha resposta expresa sobre o estado da súa tramitación, as previsións de financiamento e o calendario de aplicación e pagamento do complemento. Así mesmo, consideramos necesario establecer unha vía de comunicación tripartita, coas organizacións sindicais e patronais asinantes, que permita concretar compromisos e avanzar nunha solución definitiva.

A protección da infancia e da adolescencia precisa profesionais recoñecidas e respectadas. O acordo acadado non pode quedar nun compromiso sobre o papel: debe traducirse na aplicación efectiva das melloras retributivas pactadas, máis cando están no marco de aplicación do V convenio ao que a súa Consellaría remite nos concertos sociais, convenios, acordos,...coas asociacións que xestionan estes servizos de atención a menores.

Atentamente,

Firmado por GARCIA VAZQUEZ HENRIQUE - 33282672Q el día

Henrique García Vázquez
Responsable privada CIG-Ensino

Firmado por ***8595** RICARDO CASTRO (R: ****7531*) el día 19/10/2026 con un certificado emitido por AC Representación

Ricardo Castro Buerger
Secretario Xeral da CUT